

**PLAN
DE
IGUALDADE**

CEIP DE MACEDA

ÍNDICE

1.-Introdución.

2.-Contextualización normativa e do centro.

3.-Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

4.-Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

5.-Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6.-Seguimento e avaliación

ANEXO I.-Proposta de actividades

1.-INTRODUCCIÓN

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar ou perpetuar formas de pensamento e de acción social.

Os pais/nais e os/as profesores/as son decisivos/as para a transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres.

Tamén desempeñan un papel importante na compensación de desigualdades, entre elas, as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir no desenvolvemento de nenos e nenas desde os seus primeiros anos.

Posto que familia e escola proporcionan modelos de conduta, a sociedade pide a toda a comunidade educativa a súa participación activa na transmisión dunha cultura que promova a igualdade de dereitos, o respecto e a colaboración entre homes e mulleres.

Desde a escola débese desenvolver unha reflexión crítica sobre aqueles aspectos que poden xerar discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo ou ter diferentes preferencias no seu xeito de vestir, comportarse ou relacionarse.

A sociedade confía no labor da escola nestes asuntos de especial sensibilidade e demanda social. A educación para a igualdade debe realizarse desde as idades máis temperás, mediante unha aprendizaxe que promova en cada persoa hábitos no aspectos persoal e na súa relación cos demais.

A escola pode preparar un itinerario formativo, unha auténtica educación integral, que facilite o desenvolvemento de cada individuo, home ou muller, en todas as súas dimensións, que traballe activamente e de modo transversal para a superación de prexuízos e estereotipos sexistas.

O sistema educativo debe facerse cargo de crear as condicións necesarias

para que a escola potencie as aprendizaxes para a vida afectiva e incorpore o valor e a riqueza que supón a diversidade de ser home e de ser muller, que son o substrato imprescindible para establecer relacións baseadas na equidade, o respecto e a corresponsabilidade.

É necesario unir esforzos e deseñar estratexias educativas que permitan facer realidade o principio de igualdade entre os sexos.

Este **Plan de Igualdade** constitúe o marco global de intervención no contexto escolar para impulsar a consolidación do principio de igualdade e coordinar actuacións que favorezan o coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, e entre homes e mulleres, para establecer as condicións escolares que permitan corrixir as discriminacións ou estereotipos sexistas, así como a corrección de desequilibrios que permitan facer unha sociedade máis xusta e equilibrada.

Sen esquecer que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a eliminación de toda discriminación e desigualdade por mor desas diferenzas.

Desde o CEIP de Maceda de Ourense entendemos que coeducar implica ensinar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo das alumnas e alumnos.

Queremos facer da **coeducación**, un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

Nesta tarefa é moi importante a coordinación coas familias e demais membros da comunidade educativa a hora de deseñar medidas de intervención para as condutas contrarias á convivencia cos seus protocolos correspondentes, deseño e presentación de obxectivos coeducativos, concreción de contidos de índole afectivo-sexual entre as alumnas e alumnos, loita contra os estereotipos de xénero e sobre todo realizar actividades nas diferentes conmemoracións do 25 de novembro, 8 de marzo...

2.-CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

O Plan de Igualdade fundaméntase nos principios educativos do colexio, recollidos no seu Proxecto Educativo, que adquiriu coas familias o compromiso de axudarlles a proporcionar aos seus fillos e fillas unha educación de calidade, inspirada nunha visión transcendente da existencia e no recoñecemento da dignidade e a singularidade de cada persoa, única, chamada á súa plena realización, de modo que poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes.

Nese marco, e como elemento esencial da educación integral, foméntanse as virtudes cívicas e sociais, animando a todos a comprometerse na procura do ben común a través do respecto dos dereitos fundamentais e aos valores constitucionais.

A igualdade entre homes e mulleres é un dereito básico que rexe o funcionamento das sociedades democráticas e que a Unión Europea identifica como un dos seus principios esenciais, e que lle levou a ditar diversas directrices instando aos gobernos a levar a cabo políticas tendentes ao desenvolvemento dunha igualdade real entre homes e mulleres.

.-A **Constitución española de 1978** recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo.

.- No **Estatuto de Autonomía** a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que

ver coa regulación e co fomento da mesma na educación.

.-Na **Unión Europea**, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

.-**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio** da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

.-**A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes** establece:

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

.-**Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade:**

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

Artigo 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes.

.- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

.-Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.

Artigo 23. Actitudes

Artigo 24. Formación do persoal docente

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as AMPAs.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.

.-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo -sexual”.

.-O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O de Maceda é un colexio mediano. Contamos unicamente cunha liña educativa.

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Este Plan de Igualdade responde aos principios de actuación de maior consenso social, que son os seguintes:

- Visibilidade. A escola debe impulsar a sensibilización sobre a existencia de estereotipos e desigualdades de xénero, así como o fomento do seu papel activo para superar calquera discriminación.

Unha mostra diso será o coidado en reflectir a contribución da muller ao longo da historia e nos distintos ámbitos da sociedade, sinalar os papeis sociais discriminatorios en función do sexo, evitar expresións ou formulacións sexistas, etc.

Así mesmo, o colectivo LXTB debe ter tamén un espazo de visibilidade nos centros educativos para o tratamento desta diversidade enriquecedora para propiciar o benestar de todo a noso alumnado.

- Transversalidade. Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes en todo o conxunto de accións que leva a cabo o colexio.

- Inclusión. As medidas e actuacións que se suscitan diríxense ao conxunto da comunidade educativa (pais e nais, profesorado e alumnado), porque se require unha intervención de todos para transmitir eses valores relacionados e corrixir os desaxustes existentes.

- Valores democráticos

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.

- Igualdade de oportunidades

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que as mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

3.-ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Unha das grandes vantaxes que ten centro é ter un Claustro pequeno de mestres, formado unicamente por 20 mestres e contar con pouco alumnado, 159 alumnos nas dúas etapas de Educación Infantil e Primaria.

Isto favorece o consenso, a revisión e a posta en práctica de actividades respecto a igualdade entre os nenos e nenas e entre as mestras e os mestres. Só atopamos desequilibrios, ás veces, pola pouca colaboración dalgunhas familias.

Nunha grande porcentaxe de familias, a igualdade de xénero é case un mito, posto que moitas delas son de etnia xitana. O resto, como a sociedade en xeral, convive con habituais actitudes e sesgos machistas.

No centro actuamos tanto a nivel de titoría, especialistas, orientación e dirección naquelas fendas de xénero, situacións discriminatorias, condutas contrarias a convivencia... Axuda moito que todo o profesorado participe nos diferentes plans como se recolle na PXA.

4.-OBXECTIVOS XERAIS COEDUCATIVOS

Tendo en conta, como referencia, o seis eixes do **Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia** e considerando a comunidade educativa do CEIP de Maceda desenvolveremos e potenciaremos os seguintes obxectivos:

- 4.1. Promover a igualdade de oportunidades entre alumnas e alumnos, mestras e mestres, nais e pais, titoras e titores...
- 4.2. Prever, detectar e intervir en posibles en casos de violencia de xénero.

4.3. Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4. Prever, detectar e intervención en posibles casos de LGBTIfobia.

Debido á súa xeneralidade recóllense outros máis específicos:

- Fomentar o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.

- Desenvolver valores persoais e sociais que fomenten a igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha igualdade real de oportunidades na vida profesional.

- Fomentar a superación de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.

- Educar para aprender a convivir en equidade ao longo da vida. As tarefas propias da vida doméstica e o coidado das persoas deben asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres. É preciso contrarrestar posibles estereotipos de dominación e dependencia aínda moi arraigados na sociedade.

- Fomentar a autonomía persoal. A aprendizaxe dos saberes relacionados coas tarefas e responsabilidades domésticas, que noutro tempo consideráronse imprescindible para o desenvolvemento das funcións sociais da muller, debe ser hoxe unha necesidade de todos os mozos e mozas, dun e doutro sexo, e débese fomentar a autonomía persoal para afrontalas.

- Educar en prevención de violencia de xénero. É preciso erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidación ou calquera outra estratexia de coacción. Convén unha visualización sinalando tamén exemplos concretos do que se denominou “micromachismo”, é dicir, actitudes ou comentarios, quizá lexitimados pola contorna social, pero que supoñen unha sutil violencia contra as mulleres e constitúen unha deplorable

forma de acoso.

- Educar na detección de posibles casos de abusos ou maltrato. É preciso sinalar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre os modos de reaccionar, tanto no caso de vítimas como de quen poidan ser testemuñas ou observadores.

- Educar no respecto e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual. Débense dar pautas de prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de situación de acoso ou discriminación así como a realización de actividades de sensibilización de respecto.

- Educar na igualdade no deporte e a actividade física. É preciso promover a equidade neses ámbitos, tendo en conta as diferenzas existentes entre mulleres e homes, pero sen que estas limiten as súas posibilidades. Aínda que hai prácticas físico-deportivas que estruturalmente son máis afíns á muller ou ao home, débese facilitar unha elección libre e non estereotipada.

- Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado. Eses plans deben fomentar o respecto dos dereitos e liberdades, o exercicio da tolerancia, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, a igualdade de dereitos e obrigacións por parte de homes e mulleres tanto no ámbito público como privado, a corresponsabilidade no ámbito doméstico, etc. Dedicarase especial atención á detección precoz da violencia física ou psicolóxica tanto no ámbito escolar como no familiar.

- Impulsar a presenza de mulleres en postos de dirección en todos os niveis. Respetarase sempre o principio de igualdade na remuneración dos mesmos postos de traballo ou cargos directivos, sexan homes ou mulleres.

- Educar no respecto á diversidade afectivo-sexual.

- Garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual.

- Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opción.

Estes obxectivos os trataremos de maneira máis precisa dentro de cada un dos Plans do centro:

1º.- PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

-Proporcionar un espazo inclusivo, que facilite as distintas maneiras de vivir este tempo.

-Fomentar hábitos democráticos de conduta dentro e fóra do entorno escolar.

-Respectar as liberdades individuais e as normas de convivencia e disciplina.

2º.- PROXECTO EDUCATIVO

- Potenciar a participación activa e democrática de todos os membros da comunidade educativa, dando especial relevancia á implicación, intereses e participación do alumnado.

- Desenvolver unha educación en valores, fomentando a tolerancia, o respecto, a igualdade...; na comunidade educativa, no centro, no seu contorno e ante diferentes culturas e ideoloxías.

3º.-EQUIPO DINAMIZADOR DA CONVIVENCIA:

-Xestionar os conflitos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación.

-Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero.

-Non atribuír roles sexistas.

-Potenciar as conmemoracións institucionais de datas: 25 Novembro,8 de Marzo...

4°.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (D.O.)

-Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar entre os alumnos e alumnas a través do desenvolvemento de habilidades sociais.

5°.-PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

A Orde do 23 de xullo de 2014, pola que se implanta a LOMCE en Galicia, así como pola que se fixa o Currículo correspondente, establece no seu artigo 3, entre outros, os seguintes obxectivos do ensino primario:

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

-Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

-Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

6°.- PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As Conmemoracións Referentes son datas de marcada significación social, cultural ou tradicional, nas que cobra un grande sentido a realización de actividades sobre igualdade.

Segundo a disposición legal do Calendario Escolar, sinálanse as seguintes:

25 de novembro: Día internacional contra a violencia de xénero.

10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

30 de xaneiro: Día Escolar de la no Violencia y de la Paz.

8 de marzo: Día Internacional da Muller.

7º.- PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.

-Seguir traballando na implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas, por medio das reunións colectivas de pais o inicio de curso e coas entrevistas individuais nas titorías.

8º.-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

-Incorporar contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

-Actuar en relación á promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural.

-Colaborar na diagnose sobre o estado da convivencia no centro en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma: dinamización da xunta de delegados, mediación escolar, negociación das normas de convivencia.

9º.-PROXECTO LECTOR

O Equipo da Biblioteca Escolar quere contribuír a crear conciencia no alumnado, en liña cos obxectivos de desenvolvemento sostible, promovendo a saúde, consumo responsable, acción en prol do clima, paz, igualdade... Os

seus obxectivos serán:

-Fomentar a educación en valores, evitando sexismo, racismo, xenofobia.

-Preparar, coa colaboración de profesorado e alumnado, representacións e murais relacionados coas distintas conmemoracións (Día da Paz, Día da poesía, Día do libro...).

-Promover o uso de contos que transmitan os valores de ecoloxía , coidado do medio, respecto entre os diferentes sexos, ideas, culturas...

-Fomentar o uso da literatura na educación emocional e na resolución de conflitos.

10°.-PLAN DAS TICS

-Fomentar coas TICS unha aprendizaxe cooperativa e de colaboración, respectando o traballo individual de cada un con intercambio de ideas, axuda e a participación.

-Personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ao existir múltiples materiais e recursos educativos que permiten achegar a cada alumno os máis axeitados ao seu plan de aprendizaxe e as súas circunstancias persoais.

11°.-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sabemos que cada alumna ou alumno ten capacidades, intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións e experiencias educativas diferentes, o seu proceso de aprendizaxe é único e irrepitible, pola súa condición de “ser”. É necesario ordenar e actualizar un amplo abano de medidas que dean resposta a esta diversidade do alumnado. Por iso debemos:

-Conseguir que todo o alumnado obteña o máximo grao de satisfacción persoal, social, emocional e escolar de acordo as súas capacidades.

-Aceptar e valorar as diferenzas individuais do alumnado como un feito de enriquecemento da comunidade educativa.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

-Os documentos do centro deben reflectir os principios educativos e as accións a favor da igualdade e as actividades que as desenvolven. No Proxecto Educativo (PE), a igualdade entre homes e mulleres, a responsabilidade social e a colaboración cos demais, aparecen como valores, obxectivos e principios educativos. Son eixes esenciais da acción educadora do colexio.

Na Programación Xeral Anual (PXA), recóllense accións e actividades relacionadas con eses valores, entre as que se atopan as que se organizan coincidindo con datas especiais: Día Universal da Infancia, Día Internacional da Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Escolar da Non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller.

Nas Programacións de Aula, procúrase que as concrecións do Currículo destaquen o valor da igualdade, a contribución da muller ao longo dos séculos... Os contidos inclúen a análise crítica dos obstáculos á igualdade ao longo da historia: prexuízos e estereotipos de xénero, ideoloxías non igualitarias, diferente acceso ao saber de homes e mulleres, etc.

Nas materias de Linguas, por exemplo, faise referencia ao uso sexista da linguaxe e as formas de evitalo. Nas lecturas ou en calquera outra materia, trátanse os personaxes femininos ou o papel das mulleres coa correspondente análise crítica.

O Plan de Igualdade ten un claro carácter transversal, polo que se incorporan os valores de igualdade en todas as actividades e diríxense a toda a comunidade educativa. Procúrase tamén que a igualdade, ou as actividades que se relacionan co Plan de Igualdade, non se entendan como un feito illado,

senón como unha actitude necesaria e permanente que o alumnado incorpora de forma natural á súa realidade diaria e na súa contorna máis próxima: familia, compañeiros, amigos, etc.

Todas as actividades do colexio tratan de facer conscientes ao alumnado da importancia de descubrir as necesidades dos demais, como modo de combater a desigualdade. As accións formativas son verdadeiramente eficaces cando os pais e o colexio fanas súas e as complementan.

O Plan de Acción Titorial que desenvolve o Titor de Aula ou Profesor encargado de curso, ten especialmente en conta o respecto á igualdade de dereitos e oportunidades, o diálogo, a cooperación e a relación entre as persoas.

O Departamento de Orientación traballa estes aspectos co alumnado e as familias, procurando detectar carencias ou situacións de risco.

En Educación Física e nas actividades deportivas, insítese en reflectir unha imaxe positiva das mulleres no deporte, diversificada, exenta de estereotipos de xénero. Debe erradicarse o sexismo na linguaxe oral dos profesionais do deporte, evitando vincular con atributos masculinos a motivación para a acción ou, pola contra, usar termos femininos como reforzo negativo, pois son hábitos aínda demasiado presentes na linguaxe coloquial.

Nas entrevistas persoais de tutoría co alumnado e coas súas familias, tamén se tratan estes temas e pode ser ocasión de advertir sobre actitudes ou comportamentos individuais ou familiares que son contrarios á igualdade.

Todo o profesorado, secuenciando de forma progresiva e sistemática as actividades e adaptándose ás idades e características dos alumnos, leva a cabo unha formación en igualdade e no respecto aos demais que se concreta por exemplo nun clima de tolerancia e participación, fundamentado na superación de calquera discriminación, na igualdade e na análise crítica de estereotipos culturais e sociais, unha actitude de escoita atenta e respectuosa coas quendas de palabra, sen interromper a quen fala, intervindo sen tratar de

impoñer o propio criterio, etc.

Na elección de libros de texto e outros materiais, procúrase que as concrecións do currículo destaquen o valor da igualdade, a tolerancia, o respecto e a cooperación.

No Proxecto Lector, resáltase e analízase o papel das mulleres en todos os ámbitos sociais e nas distintas etapas da Historia, e a súa contribución ao avance do saber, en especial nas áreas consideradas tradicionalmente masculinas.

No Consello Escolar cóntase cun membro encargado de fomentar a igualdade. Esa persoa impulsa medidas educativas que fomentan a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres; identifica posibles discriminacións e estereotipos sexistas; promove accións destinadas a destacar o valor da igualdade e á prevención da violencia de xénero; propón criterios para a elaboración do proxecto educativo e das normas de organización e funcionamento; realiza propostas para a formación do profesorado, así como de pais e nais; potencia a coordinación con outras institucións e profesionais da contorna que desenvolvan actuacións nesa materia; etc.

A educación personalizada axuda a cada alumna e a cada alumno a descubrir o mellor de si mesmo e a formular o seu propio proxecto persoal de vida. O ambiente debe facilitar o desenvolvemento das súas capacidades persoais e as súas expectativas profesionais. Esa personalización debe incidir sempre na educación en igualdade.

5.1. Organización do centro.

Estableceranse representacións equitativas mestras e mestres: Consello Escolar, Equipos de Tics, Convivencia, Biblioteca, tempos de lecer, vixilancias, Actividades complementarias e extraescolares.

Realizaremos actividade e tarefa equitativa alumnas e alumnos: actividades de

aula, grupos medios equitativos, parellas, conmemoracións, saídas, responsabilidades e coidado na clase... sempre e cando o número de nenos e nenas así nolo permita.

Os patios e demais espazos escolares utilízanse de forma compartida e non excluínste. Se xestionarán as actividades e ocupación do patio para favorecer a inclusión.

Difusión do Plan de Igualdade entre as familias (web do centro)

Formación en coeducación e igualdade.

Empregaremos unha linguaxe inclusiva e igualitaria na tarefa diaria no centro.

Amosaremos interese con entidades: Concello, Asuntos Sociais, Cruz Vermella, Plan Director...para realizar actividades coeducativas.

Desenvolveremos no currículo de Infantil e Primaria unha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado.

Teremos en conta no material didáctico que non haxa unha discriminación de xénero: contos, láminas, teatro...

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Adequaremos as programacións coas súas unidades didácticas e a práctica docente a unha igualdade xénero valorando o papel da muller na historia da humanidade.

Revisaremos material didáctico, libros, imaxes... do centro para evitar discriminacións e estereotipos por mor da condición sexual das persoas.

Faremos actividades de respecto e sensibilización na aula. Difundiremos moita

desta información a través do taboleiro da entrada do centro.

Invitaremos aos pais a observación e participación en actividades de sensibilización pola Igualdade e a Non Discriminación Sexual..

Colaboraremos estreitamente coa Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Amosaremos nas pizarras, nos paneis...información de cursos, exposicións, celebracións, manifestacións respecto a Muller, Violencia de xénero, condición sexuada...

Na biblioteca faranse lecturas coeducativas nos distintos niveis de Infantil e Primaria.

Aproveitaremos as tics para visión de contidos audiovisuais de coeducación.

Presentaremos novas de actualidade para sensibilizarnos de que o mellor, o presente ten que ser unha igualdade real.

Nos tempos de lecer, no recreo, nos patios faranse actividades e xogos de inclusión.

Coa colaboración do D.O., con especialistas cualificados, relatores... abordaremos nos cursos de Primaria temas: discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual. acoso sexual por razón de sexo e identidade de xénero

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

No Plan de Convivencia Escolar potenciaremos e resaltaremos o respecto e do bo trato entre mulleres e homes, actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, o respecto cara á diversidade sexual e de xénero, promover metodoloxías activas participativas e cooperativas, a corresponsabilidade na realización das tarefas, actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do **Plan de Igualdade**, vaise a levar a cabo unha **avaliación continua** que nos permitirá si os obxectivos deseñados están sendo os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para acadar os obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das distintas propostas.

Este Plan de Igualdade precisa dunha avaliación periódica que aporte información relevante que permita mellorar os resultados e corrixir posibles disfuncións. Para poder valorar determinados indicadores, convén precisar que datos convén recoller, de forma que permitan unha análise das diferenzas e, con iso, mellorar as actuacións.

A modo de exemplo confeccionaríanse táboas deste tipo:

ACTUACIONES	PARTICIPACIÓN %	REVISADO SI/NON
Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero e a visibilización adecuada do colectivo LXTBI		
Crear un espazo web para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa		
Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativase reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.		
Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.		
Difundir os protocolos de actuación na comunidade educativa		
Realización das actividades programadas en datas sinaladas (25 de novembro, 8 marzo...)		
Revisar se se emprega una linguaxe		

inclusiva		
Promover lecturas coeducativas		
Xestionar as actividades do patio para favorecer a inclusión		
Revisar a metodoloxía para que sexa activa, participativa e cooperativa		
Revisar se as actividades programadas cumpriron os obxectivos de igualdade		

Esta avaliación continua complementarase cunha **avaliación final** onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grado de satisfacción coa experiencia.

Para todo iso, empregaranse, entre outros :

INDICADORES DE MEDIDA

A participación e implicación dos alumnos e mestres dará resposta:

- .- A dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa?
- .- O grado de autonomía dos grupos e o material elaborado foi de calidade, e libre de resgos sexistas?
- .- As controversias conceptuais e a reflexión colectiva e individual en torno ao tema aportaron valores de equidade e xustiza social?
- .- Utilizouse unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de

prexuízos.

.- O ambiente favoreceu a expresión sana e libre dos sentimentos?

PROPOSTA DE MELLORA

Unha vez levado a cabo o Plan durante este ano recolleremos nunha Memoria Final os obxectivos acadados e outras cuestións que nos axuden a mellorar para vindeiros cursos, e serán recollidos nunha Proposta de Mellora.

ANEXO I

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Entre todos os mestres buscaremos os materiais e actividades precisos e axeitados para levar a bó fin este Plan de Igualdade. Velaquí algúns exemplos de actividades para levar a cabo.

Semana de igualdade 2022. O noso CEIP como espazo de igualdade. Cine como ferramenta coeducativa

- Introducción

Esta actividade céntrase en aspectos recollidos nos tres eixes mencionados do I Plan para a Igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020). Estes eixes estratéxicos serven de referente para definir e concretar os obxectivos específicos desta actividade que pretende abordar o problema da desigualdade, o sexismo e a infrarrepresentación de mulleres e homes en determinados ámbitos, a través da proxección de filmacións cinematográficas que permitan a súa posterior análise crítica.

- Obxectivos

1. Constituír foros de debate e reflexión que favorezan a igualdade e a non discriminación.
2. Promover, entre outras, a vocación científica e tecnolóxica entre o alumnado feminino.
3. Promover, entre outras, a vocación no ámbito do coidado ás persoas entre o alumnado masculino.
4. Proporcionar referentes que favorezan unha orientación profesional libre de prexuizos.

- Persoas destinatarias

Alumnado e profesorado do CEIP

- Desenvolvemento/tarefas

1. Cine e faladoiros

1.1.- Proxección das películas e posterior debate guiado por docentes ou relatoras expertas na temática da igualdade.

1.2.-Presentación dunha listaxe de películas sobre a temática da igualdade.

2. Exposición na biblioteca de cine e igualdade

Proposta de actividade complementaria, exposición de libros, DVD, música que complemente e amplifique o traballado a través do cine, visibilizando recursos dispoñibles para toda a comunidade educativa.

3. Estrutura de Cine e faladoiros

- 10 min: presentación da película e dalgúns aspectos salientables para o faladoiro.

- 90 min: visionado da película.

- 30 min: faladoiro e dúbidas.

- 10 min: conclusións.

- 10 min: avaliación e peche da sesión.

Os tempos son orientativos, en función da selección de películas e axustarase o programa. Moitos documentais son máis curtos o que reduciría os tempos.

4. Programación

O desenvolvemento da actividade realizarase en función dos prazos e tempos das xestións previas e da dispoñibilidade das persoas propostas como dinamizadoras dos faladoiros ao rematar o visionado das películas.

5. Datas e horario Determinaranse por cada CEIP en función da súa organización e funcionamento.

6. Avaliación

6.1.-Enquisa de satisfacción das persoas participante na xornada. 6.2.- Número

de asistentes/as.

Xornada de formación en igualdade 2022: O noso CEIP como espazo de igualdade

- **Introdución** A xornada baséase nos aspectos recollidos nos tres primeiros eixes do I Plan de actuacións de igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, e pretende desenvolver actuacións que permitan acadar os obxectivos incluídos en cada un destes eixes a través das medidas propostas.

- **Obxectivos**

1.- Presentar o “I Plan de actuacións de igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020” ao profesorado do CEIP.

2.-Achegar ao profesorado, ferramentas para a incorporación da linguaxe inclusiva nas aulas.

3.-Reflexionar e debater acerca da importancia do emprego da linguaxe inclusiva no ensino.

4.-Identificar as necesidades formativas do profesorado do CEIP en relación coa igualdade de xénero e a coeducación.

- **Persoas destinatarias:** Profesorado do colexio

- **Desenvolvemento/tarefas**

1.-A presentación do “I Plan de actuacións de igualdade....” poderá ser realizada pola orientadora do CEIP ou calquera outra persoa que se determine. Poderá realizarse no salón de actos do centro ou calquera outro espazo con aforo suficiente. Desenvolverase un relatorio co título: A linguaxe inclusiva, o respecto comeza pola lingua. A continuación abrirase un coloquio sobre o contido do relatorio.

2.-Programación

A proposta de datas e horarios realizarase en función da dispoñibilidade e organización e funcionamento do centro, así como das xestións previas e da dispoñibilidade das persoas propostas como relatoras e realizadoras do peche máis en clave lúdica. Na medida das posibilidades que permita o calendario de actuación de igualdade, sería a primeira das accións para realizar.

3.-Datas e horario

Serán acordados por cada CEIP en función das súas necesidades, dispoñibilidade e organización.

4.-Avaliación

4.1.1-Enquisa de satisfacción do profesorado participante na xornada.

4.1.2-Recollida de necesidades formativas sobre Igualdade, coeducación e perspectiva de xénero das persoas participantes a través dun formulario con propostas de temas pechados e un apartado final aberto para outras posibles demandas.

Os CEIP en clave de xénero

- Introducción

A actividade pretende desenvolver os obxectivos recollidos nas disposicións normativas en materia de igualdade así como os eixes estratéxicos definidos tanto no VII Plan estratéxico de Galicia como no I Plan para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, sobre todo naqueles aspectos relacionados coa infrarrepresentación de homes e mulleres en determinados ámbitos laborais e itinerarios educativo-formativos e sectores da industria.

- Obxectivos

1.-Promover a o descubrimento compartido entre alumnado e profesorado, de persoas destacadas (persoeiros) que rachen cos estereotipos de xénero.

2.-Facilitar a toma de conciencia entre o profesorado sobre a escaseza de referentes femininos/masculinos presentes na materia de determinadas profesións e estudos.

- Persoas destinatarias

Alumnado e profesorado do colexio.

- Desenvolvemento/tarefas

Os distintos departamentos do CEIP porán en comunicación a necesidade de seleccionar unha figura referente para cada un dos ciclos que imparte. O profesorado de cada departamento fará unha lista de 10 nomes que serán traballadas polas persoas titoras con cada grupo durante a primeira semana da actividade. O alumnado investigará sobre cada unha das mulleres escollidas (poderán ser homes, no caso profesións especialmente feminizados, sempre e cando se trate de homes pouco visibilizados por realizar tarefas de coidados, e non se trate de teóricos ou de líderes políticos), e realizará unha breve ficha onde se resuma a biografía e os principais logros da persoa, acompañada dunha fotografía. Sería desexable contar coa presenza dalgún persoeiro destacable pola súa traxectoria e que encaixe no perfil da temática da xornada.

As fichas biográficas acompañadas da fotografía serán plastificadas e exporanse nos corredores do centro durante a segunda semana da actividade. O alumnado poderá votar, nunhas urnas colocadas en conserxería, pola persoa referente que lles gustaría que lle puxese nome a unha aula de cada curso.

Na semana final da actividade farase o reconto. As candidaturas máis votadas para cada ciclo pasarán a nomear a aula taller deste. Realizarase un panel que incluírá, xunto co nome e a fotografía da persoa, un breve texto. Os paneis serán inaugurados nun acto festivo que incluírá unha actuación musical e poesía, durante a última semana do curso. Cada panel será presentado por un alumno ou alumna do curso correspondente.

- Programación

A programación realizarase en atención á dispoñibilidade e organización e desenvolvemento das actividades do centro. Para o desenvolvemento da actividade, estableceranse de modo orientativo as seguintes fases:

1. Propostas dos departamentos.

2. Investigación nas aulas.
3. Exposición e votación.
4. Realización de paneis.
5. Inauguración.

- Datas e horario

Serán acordados por cada CEIP en función das súas necesidades, dispoñibilidade e organización.

- Avaliación

- 1.-Número de alumnado/profesorado participante.
- 2.-Enquisa de satisfacción.

Concurso de curtas promocionais

- Introducción

A actividade pretende desenvolver os obxectivos recollidos nas disposicións normativas en materia de igualdade así como os eixes estratéxicos definidos tanto no VII Plan estratéxico de Galicia como no I Plan para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, aos que se fai referencia na fundamentación deste traballo, sobre todo naqueles aspectos relacionados coa infrarrepresentación de homes e mulleres en determinados ámbitos laborais.

- Obxectivos

1. Promocionar os estudos e profesións cun enfoque libre de estereotipos de xénero.
2. Fomentar a escolla do futuro vocacional libre de estereotipos de xénero.
3. Poñer en marcha un proceso de creación colectiva por parte do alumnado dos ciclos.
4. Propiciar a reflexión de alumnado e profesorado sobre os desequilibrios de xénero presentes en cada familia profesional.

- Persoas destinatarias

Alumnado e profesorado do centro.

- Desenvolvemento/tarefas

1. O CEIP convocará o “I Certame de curtas promocionais libres de estereotipos de xénero”.

2. Cada titor/a, traballará co seu grupo na elaboración dun pequeno guión para unha curta de 2 minutos de duración máxima, na que se anime a matricularse nun estudo ou optar a unha profesión libre de estereotipos de xénero . Se a profesión está moi masculinizada (maioría de traballadores varón: Automoción, Informática, Electricidade...), terán que dirixirse principalmente a rapazas, buscando argumentos que rompan a fenda existente. No caso contrario (ciclos de Educación Infantil, Atención a Persoas en Situación de Dependencia, Imaxe Persoal...) será xusto ao revés: a curta deberá animar a que se matriculen rapaces nese ciclo.

3. A peza audiovisual non poderá superar os 90 segundos de duración, e deberá rematar cunha frase clara ou slogan que resuma a mensaxe que se quere transmitir.

4. Co guión creado conxuntamente por cada grupo, dinamizado pola persoa titora e o asesoramento da orientadora, realizarase a curta, co apoio técnico da responsable das TIC.

5. Na curta poderá aparecer o propio alumnado. Poderase usar imaxe real ou técnicas de animación (3D, stop-motion, etc.).

6. O xurado, seleccionará as dúas mellores curtas. A curta con máis votos recibirá o premio do público.

7. Os premios consistirán en material bibliográfico, audiovisual e excursións para o grupo gañador en cada categoría. Serán entregados durante unha gala

que terá lugar na data establecida.

- Programación

A programación realizarase en atención á dispoñibilidade e organización e desenvolvemento das actividades do centro: Para o desenvolvemento da actividade, estableceranse de modo orientativo as seguintes fases:

1. Convocatoria pola titoría.
2. Elaboración do guión.
3. Gravación.
4. Montaxe.
5. Votación.
6. Fallo do xurado.
7. Gala de premios.

- Datas e horario Serán acordados por cada CEIP en función das súas necesidades, dispoñibilidade e organización.

- Avaliación

1. Número de alumnado/profesorado participante.
2. Número de votos.
3. Enquisa de satisfacción.

Maceda, de outubro do 2021

A Directora,

A Xefa de estudos,

O Secretario

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.: